



ADMISIÓN E MATRÍCULA PARA O CURSO 2017/2018

NORMATIVA: Orde do 12 de marzo do 2013 da Consellería de Educación e O.U. pola que regula o procedemento para a admisión do alumnado no 2º ciclo de Ed. Infantil e na E. Primaria (D.O.G. do 15/03/13) e a Orde do 25 de xaneiro de 2017 pola que se modifica a Orde do 12 de marzo de 2013 pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos que impartan ensinanzas de 2º ciclo de educación infantil, de educación primaria (D.O.G. do 01/02/17). (Pódense consultar no taboleiro de anuncios do centro).

POSTOS ESCOLARES: Recóllense na táboa de vacantes recollida da proposta incluída na aplicación informática: *admisiónalumnado*.

SERVIZOS COMPLEMENTARIOS: 4 rutas de Transporte Escolar e Comedor Escolar (regulado polo decreto 132/2013, do 1 de agosto de 2013, da Consellería de Cultura, Educación e O.U.)

PRAZOS:

- Presentación de solicitudes de admisión: do 1 ao 20 de marzo do 2017.
- Presentación de documentación acreditativa dos criterios a baremar: do 23 de marzo ao 5 de abril do 2017.
- Publicación de listaxes provisionais de admitidos/as: até o 25 de abril do 2017. Poderase presentar reclamación perante o Consello Escolar nos 5 días hábiles posteriores á publicación da listaxe provisional de admitidos/as.
- Publicación da listaxe definitiva de admitidos/as: antes do 15 de maio do 2017. Contra esta listaxe poderase presentar recurso de alzada perante o/a titular da xefatura territorial no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da súa publicación.
- Formalización de matrícula: do 20 ao 30 de xuño do 2017.

NOTA INFORMATIVA:

Lémbrese aos solicitantes:

1º. Que (conforme ás instrucións da Consellería de Cultura, Educación e O.U.), a solicitude axustada ao modelo oficial Anexo II será única e presentarase no centro que se solicite en primeiro lugar. O feito de presentar máis dunha solicitude conlevará a perda dos dereitos de prioridade que poidan corresponderlle.

2º. Que o alumnado que ten garantía de permanencia nun centro, se presenta solicitude de admisión noutro distinto deberá comunicalo, ao mesmo tempo, ao centro de orixe.

3º. Que o alumnado que ten reservada praza nun centro, se presenta solicitude de admisión noutro distinto deberá comunicar a renuncia á reserva antes do inicio do prazo de presentación de solicitudes de admisión.